



PROTOCOLO DE SEGURIDADE

A nosa máxima prioridade é a seguridade dos doantes de sangue e dos receptores dos compoñentes sanguíneos. Para protexer a saúde de todos, recoméndase facer unha autovaloración previa, e non acudir a doar se nos 15 días previos á doazón se presenta afección respiratoria, febre ou se estivo en contacto cun paciente positivo COVID-19.

Se a empresa o considera adecuado, xestionarase a **cita previa** desde o servizo de telerecrutamento de ADOS. Se os horarios dos traballadores así o requiren, pódese axustar a cita previa ás súas necesidades, xestionándoa directamente coa empresa.

ADOS só acepta **doazóns de persoas sas** e realiza unha estrita revisión do estado de saúde das persoas que acoden a doar sangue, para comprobar que cumpren todos os requisitos que esixe a normativa sanitaria.

En cada unidade móbil o noso persoal segue **protocolos de seguridade exhaustivos**:

1. Recomendación de non acudir a doar con sintomatoloxía suxestiva de COVID.
2. Acceso ás unidades móbiles e locais de doazón con máscara tanto o persoal sanitario como os doantes. Entrega de máscaras para ou seu uso durante todo o proceso.
3. Colocación dun envase con solución desinfectante á entrada e saída dos locais de doazón e unidades móbiles para que os doadores o utilicen antes de acceder á zona de revisión de saúde, despois de realizar a doazón e de tomar o refrixerio.
4. Utilización de luvas dun só uso con cada doante e dos EPIs adecuados.
5. Protocolos de hixiene incluíndo a limpeza de padiolas despois de cada doazón.
6. Material sanitario estéril e dun só uso para cada doazón (bolsas de sangue, tubos para analítica, etc).
7. Limpeza profunda da zona de punción venosa con dobre desinfección.
8. Diminución do aforo das unidades móbiles e locais de doazón. Regulación da afluencia de doantes con uso preferente de cita previa.
9. Mantemento da distancia de seguridade.
10. Diminución de tempos de permanencia na unidades móbiles.
11. Limitación do refrixerio a un máximo de dous doantes simultaneamente ou en instalación anexa á unidade móbil se o facilita a empresa ou institución.
12. Favorecer a ventilación externa nas Unidades Móviles.

Todas estas medidas contribúen a un **proceso de doazón seguro** para os nosos doantes e os nosos traballadores.

Pode acceder, mediante o seguinte código QR, a máis información sobre o proceso de doazón, exclusións e medidas de seguridade.

Se ten calquera pregunta, non dubide en poñerse en contacto con nós no correo promocion.ados@sergas.es



Máis información en: <http://ados.sergas.es>

 [@doadoressangue](https://twitter.com/doadoressangue)

 <https://www.facebook.com/doadoressangue>

 [@doadoressangue](https://www.instagram.com/doadoressangue)

 <https://youtu.be/qngVkrVnfyc>

#sumateanosoequipo

